

# As Comunidades de Montes do Val Miñor: reivindicacións, propostas e formación (Apuntes para unha historia que está por escribir)

*Xosé Alfredo Pereira*


## OS MONTES VECIÑAIS NO VAL MIÑOR

O Val Miñor é unha comarca natural formada polos concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar. Está baixo a influencia da área metropolitana de Vigo, ata tal punto que amplas zonas destes concellos funcionan como cidade dormitorio e lugar de segunda residencia da poboación da cidade de Vigo.

A superficie total da comarca do Val Miñor é de 144 km<sup>2</sup>, cunha poboación de 38.855 habitantes, o que dá unha densidade de poboación de 242 habitantes /m<sup>2</sup>. Se ben é certo que predomina o sector servicios (relacionado co turismo), a produción de madeira é unha das actividades industriais máis importantes. Existen varias empresas de serradoiros de madeira, unha das cales está entre as máis importantes da provincia de Pontevedra (o serradoiro de Mañufe).

Os montes veciñais en man común da comarca do Val Miñor son baixos (a cota máis alta, O Galíñeiro, non excede os 700 m de altura) e teñen unha gran capacidade rexenerativa. Están xestionados por 20 comunidades de montes e unha entidade local menor (a de Morgadáns). Ocupan unhas 7.000 Has de superficie e contan cun censo de veciños e veciñas comuneiros que pasa dos 5.500. Ocupan xa que logo o 48% da superficie total dos tres concellos. Cómpre destacar o caso do concello do Gondomar, no que o 70% da súa superficie é forestal.

As especies forestais que máis abundan nos montes veciñais en man común do Val Miñor son as de crecemento rápido (eucaliptos, pino radiata





Clausura do 1º Congreso Galego de Comunidades de Montes.

e pino pinaster), produto da repoboación forestal dos anos 50-60, e as de crecemento lento (carballo do país, carballo americano e castiñeiros), resultado das repoboacións feitas polas comunidades de montes. Tamén hai importantes zonas con arboredo de ribeira, consecuencia da rexeneración espontánea, e unha fraga autóctona, a de Oliveira nas comunidades de montes de Belesar (Baiona) e Borreiros (Gondomar). Nesta

fraga predominan os carballos do país, os castiñeiros e os acivros, xunto co fento real e co musgo, o que produce un sotobosque moi característico.

Os montes veciñais en man común da comarca do Val Miñor tamén se caracterizan por ter zonas de lecer e paisaxísticas: o Alto da Groba e o Cortelliño (Belesar), Chan da Lagoa (Baíña), Virxe da Rocha (Baiona), o Galiñeiro (Vincios), San Antoniño (Peitíeiros); restos histórico-artísticos: castros e cidadelas (Sabarís, Borreiros, Vincios, Camos, Chandebritos), xacementos (Panxón) e petroglifos, entre os que se pode destacar "A pedra das espadas" (Vincios) e o "Mural dos cabalos" (Sabarís). Algúns destes restos histórico-artísticos están enlazados por rotas de sendeirismo, como é o caso do "Sendeiro dos Petroglifos" que percorre os montes de Sabarís, Baíña, Belesar e Baredo.

En maior ou menor medida, os montes veciñais en man común do Val Miñor cumpren as tres funcións clásicas e tradicionais do monte: a productiva (producción de madeira), a ecolóxica (fraga, arboredo de ribeira, especies autóctonas) e a social (zonas de lecer, rotas de sendeirismo, paisaxe).

### **A LOITA POLA RECUPERACIÓN DOS MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN NO VAL MIÑOR.**

No editorial de "Fouce", voceiro das Comisións Labregas de Febreiro de 1974, lanzábase unha consigna: "Recuperemos os nosos montes"; ese mesmo editorial remataba cun chamamento: "Organicémonos nas parroquias e lugares. Esixamos os nosos montes". Esta campaña das Comisións Labregas chega á comarca do Val Miñor tres anos máis tarde, xunto coa de "Non á cota agraria da seguridade social" (que non tivo ningunha repercusión na comarca) e ao mesmo tempo que as eleccións democráticas ás Cámaras Agrarias (maio de 1978), nas que as Comisións Labregas acadan un representante nas cámaras agrarias dos concellos de Baiona e de Nigrán (aínda que estas nunca chegaron a pórse en marcha nin se volveron a celebrar eleccións).

En principio, a recuperación dos montes veciñais en man común non era asunto complicado. Consistía en cubrir unha instancia dirixida ó Gobernador Civil, que era ao mesmo tempo

o Presidente do Xurado Provincial de Montes, na que, asinada polo menos por seis veciños e en virtude da Lei de Montes do ano 1968, se solicitaba a iniciación do expediente de clasificación do monte.

As Comisións Labregas celebraron unha serie de asembleas informativas por todas as parroquias do Val Miñor (na maioría dos casos tiveron que realizarse ou nos adros das igrexas ou nos



Nutrida representación de comunidades de montes de toda Galicia

torreiros das festas). A pesar de que, como dixemos, a recuperación dos montes veciñais en man común non era difícil, os veciños resistíanse a asinar a instancia; non ten nada de estraño xa que aínda estabamos vivindo na "longa noite de pedra". Será na parroquia de Belesar (Baiona) onde os veciños se van decatar do interese que ten a recuperación do monte veciñal; asinan a instancia e mesmo algúns toman o carné das Comisións Labregas.

Cando os veciños de Belesar rexistran a instancia no Goberno Civil (ano 1978), o alcalde de Baiona (do réxime franquista, xa que aínda non se celebraran as primeiras eleccións municipais democráticas) decátase de que os montes van ser devoltos ós seus lexítimos donos e, de acordo co ICONA, organiza unha tala desmesurada nos montes da parroquia de Belesar (¡xa que os montes van ser devoltos ós veciños, que se lles devolvan pelados!). Os veciños de Belesar mobilízanse e impiden a corta da madeira facendo garda día e noite no monte. O alcalde de Baiona presiona e intenta meter medo ameazando co envío da Garda Civil. Os veciños non recúan e o ICONA toma unha sabia decisión: "manda parar a tala de madeira", ata que se dea a coñecer o fallo do Xurado Provincial de montes. Un ano máis tarde, este declara o monte de Belesar como propiedade dos veciños. Foi pois o monte veciñal en man común da parroquia de Belesar o primeiro do Val Miñor que pasa a ser propiedade dos seus lexítimos donos (ano 1979).

A reivindicación e mobilización dos veciños de Belesar pola recuperación dos seus montes produce un efecto dominó. Entre 1979 e 1984 devólvense todos os montes dos concellos do Val, sen resistencia por parte dos alcaldes, ós veciños e veciñas das parroquias; agás o monte da Granxa (devolto ós veciños do lugar da Granxa da parroquia de Belesar), o de Sta María de Afora (ós veciños do rural de Baiona) e o de Morgadáns (á entidade menor).

### **OS MONTES VECIÑAIS NAS MANS DOS VECIÑOS/AS**

O monte veciñal en man común foi o soporte do sistema agrario tradicional, do complexo agro-gandeiro; de aí que houbera unha fonda e forte relación entre monte e veciñanza. Os gobernantes da dictadura franquista, que proxectaran que Galicia fose un viveiro de eucaliptos, sabían que o primeiro que tiñan que facer era rachar esta simbiose monte-veciñanza. Para acadalo dotá-

ronse de dúas poderosas armas: a Lei do Patrimonio Forestal Español (1941), mediante a cal os montes galegos échense de piñeiros e sobre de todo de eucaliptos, e a Lei Hipotecaria (1946), mediante a que os montes son usurpados polos concellos a través da simple sinatura dos secretarios dos mesmos. É nestas coordenadas onde hai que situar problemas como o dos incendios forestais ou o do despoboamento do mundo rural galego. Algún día haberá que estudar a relación que existiu entre o abandono dos veciños e veciñas do lugar de San Cosme na parroquia de Baíña, acontecido nos últimos anos da década dos 50 e nos primeiros da dos 60, e a prohibición de poder pastar o seu gando nos montes por mor de estar recén plantados de eucaliptos.

Por outra banda a agricultura tradicional galega está fortemente marcada polo comunismo, que non soamente se manifesta na organización dos usos do monte, senón tamén no aproveitamento colectivo de determinados elementos (lavadoiros, fornos, muíños...), na xestión colectiva de auga para os regadíos, na organización de festas, arranxo e mantemento de camiños ou na realización de determinadas tarefas agrícolas. Cando nos derradeiros anos da década dos 70 e primeiros oitenta, os montes veciñais en man común son devoltos ós seus lexítimos donos (no Val Miñor tamén) é certo que xa non son o soporte do sistema agrario tradicional, que a simbiose monte-veciñanza estaba rota; pero non é menos certo que os veciños e veciñas aínda sentían o monte como algo de seu, o que amosa que as raíces do comunismo aínda estaban vivas. Deste xeito o monte veciñal en man común adquire unha nova dimensión: o de ben común, de ben social.

Esta é unha das moitas contradicións que ten a historia do monte veciñal en man común. Se no pasado foi o soporte do sistema agro-gandeiro tradicional e, xa que logo, impedía que morrese de fame a economía labrega máis pobre, tamén é certo que beneficiaba máis ás economías labregas fortes xa que facía o mesmo uso do monte o que tiña unha vaca que o que tiña vinte. Unha situación semellante ocorreu cando se promulgaron, sucesivamente, as leis de desamortización de Madoz e Mendizabal, que puxeron á venda o que chamaban "bens mortos", entre os que se incluían os montes veciñais en man común. Ante esta tentativa os labregos, para que os montes non caesen en mans alleas e seguisen usándose de xeito comunal, procederon ao reparto individual dos mesmos. Dun xeito parecido, cando se devolveron os montes veciñais en man común aos seus lexítimos donos, as comunidades de montes que primeiro se organizaron foron aquelas nas que a simbiose monte-veciñanza estaba totalmente rachada, aquelas que estaban dacabalo entre o mundo rural e o urbano. Este feito non se pode explicar só por razóns culturais ou de conciencia política, senón porque existía un sentimento de propiedade comunal sobre o monte en man común.

A devolución dos montes veciñais ós seus lexítimos donos motivou a organización dos veciños e veciñas nos lugares, aldeas e parroquias. Pero os montes en man común foron devoltos cunha conciencia colectiva negativa xerada en plena dictadura franquista (rotura da simbiose monte-veciñanza), que continúa nos anos da transición democrática (prohibición dos veciños e veciñas de facer uso dos seus montes; alcaldes que usan o monte como unha mina para encher os presupostos municipais) e chega ata os primeiros anos da democracia (dificultade para legalizar as comunidades de montes dada a esixencia dun quórum do 75% dos veciños/as comuneiros; cómpre aclarar que se computa un veciño/a comuneiro por cada casa).

Todas estas circunstancias provocaron que aqueles veciños e veciñas que se puxeron ó fronte para xestionar e administrar os seus montes procedesen a facer obras na parroquia cos cartos do monte, esquecéndose de facer traballos de mellora no propio monte. Estas actuacións obedecen a

dúas razóns: as aldeas e parroquias estaban totalmente abandonadas e había que amosarlle ós veciños e veciñas o importante que era que xestionasen e administrasen os seus montes.

O Val Miñor non é unha excepción. A maioría dos "formigonados" de camiños, dos palcos de música e das casas culturais ou veciñais realizáronas as comunidades de montes. Un número importante de iluminacións públicas e traídas de auga foron custeadas tamén polas comunidades de montes. O enfoque non sería de todo malo se non se fíxese en exclusiva, como así foi, sen dedicar ningún investimento á mellora do propio monte. Por mor disto o labor das comunidades de montes actuou como amortecedor das reivindicacións veciñais diante dos concellos. Daquela (agora aínda queda algún) cando os veciños e veciñas reivindicaban algunha mellora para a parroquia, o alcalde de "turno" sempre lles dicía o mesmo: "ide falar cos do monte que teñen cartos".

Certamente as comunidades de montes do Miñor evolucionaron positivamente, podéndose dicir que esa materia a teñen aprobada. Hoxe en día, ademais de seguir investindo en obras de carácter social, dedican a maior parte dos seus orzamentos ó coidado e mellora do propio monte (os investimentos das comunidades de montes miñoranas, neste apartado, superan os 42 millóns de ptas anuais), organizan equipos de loita contra o lume, realizan campañas de divulgación do monte, tanto entre os nenos e nenas en idade escolar (saídas ó monte, plantacións, herbarios ...) como entre os propios veciños (charlas, xornadas...). E mesmo foron quen de organizarse superando os seus límites territoriais (Mancomunidade de Montes do Val, Organización Galega de Comunidades de Montes).

### **A CONSTITUCIÓN DA MANCOMUNIDADE DE MONTES DO VAL MIÑOR**

O 18 de Febreiro de 1989, co goberno tripartito na Xunta de Galicia, publícase no Diario Oficial do Parlamento de Galicia o Proxecto de Lei de Montes Veciñais en Man Común. Será a primeira lei de montes comunais galega. Se ben nas disposicións xerais a filosofía da lei era asumible, xa que defendía a pertenza dos montes ás comunidades veciñais e entendíaa como unha propiedade de tipo xermánico, no articulado abríase a porta para a desaparición da propiedade veciñal e para a privatización dos montes. Sobre todo naquel artigo que permitía o reparto individual do monte por un período non inferior ós 20 anos. Este espazo de tempo, sen ter en conta a produción agrícola ou a explotación gandeira, só sería válido, no que respecta ó forestal, para as plantacións de eucaliptos, xa que esta é a única especie rendible nese período de tempo. O proxecto de lei potenciaba pois, descaradamente, a entrada de eucaliptos no monte veciñal en man común.

Semanas máis tarde, convocadas polo avogado vigués (xa finado) D. Jerónimo Escariz, reúnense na localidade de Atios (Porriño) as comunidades de montes, na súa maioría, da provincia de Pontevedra. Nesta xuntanza, ademais de cuestionar o proxecto de lei de montes veciñais en man común, acórdase formar o que se chamaría Coordinadora de Montes de Galicia a fin de lograr introducir melloras no proxecto de lei segundo os seguintes eixes: evitar a desaparición da propiedade veciñal, impedir a privatización dos montes veciñais e frear a penetración do eucalipto de xeito máis masivo do que xa estaba. Nesa mesma reunión a Coordinadora de Montes de Galicia nomea a súa xunta xestora, que recae nos representantes das seguintes comunidades: Aballo (Catoira), Lérez (Pontevedra), Cabral, Beade e Valadares (as tres do concello de Vigo), Borreiros, Vincios e Mañufe (todas do concello de Gondomar), Parderrubias (Salceda de Caselas) e Belesar e Sabarís (ambas de Baiona). Como se pode observar, era abundosa a representación das comuni-

dades de montes do sur da provincia de Pontevedra.

O labor da Coordinadora de Montes de Galicia foi intenso. Ademais de dar forma ás emendas ó proxecto de lei de montes, convocou asembleas de comunidades de montes en distintas zonas (Atios, de novo, Pontevedra, Cabral ), entrevistouse cos partidos do goberno tripartito e cos da oposición... Nun primeiro momento o goberno da Xunta de Galicia non aceptou ningunha emenda das presentadas pola Coordinadora. Sen embargo, moi poucos días antes de que o proxecto de lei fose levado a discusión do Parlamento Galego para que tomase rango de lei, a Coordinadora recibe unha chamada telefónica do Sr. Adrio, avogado pontevedrés e membro do PSOE, para manter unha reunión na súa casa en relación co proxecto da lei de montes. Á mesma acudiu o deputado autonómico de PSG-PSOE e presidente da Comisión de Agricultura do Parlamento Galego, Sr. Ceferino Díaz. Ao remate da xuntanza, o goberno galego, nunha demostración de talante democrático, aceptou as seguintes emendas da Coordinadora de Montes de Galicia:

- Limitación no reparto individual do monte para usos agrícolas e gandeiros a 10 anos, e para usos forestais polo tempo da corta da especie plantada.

- Eliminación da débeda histórica coa que eran devoltos os montes veciñais en man común.

- Aumento, ata o 15% dos orzamentos das comunidades de montes, do investimento obrigatorio na mellora do propio monte.

- Capacidade das comunidades de montes para mancomunarse.


Quedaban fóra algunhas outras propostas da Coordinadora (elevar ata o 25% o investimento obrigatorio na mellora do propio monte; redución a media hora o tempo de espera entre a primeira e a segunda convocatoria das asembleas xerais; eliminación de quórum para a segunda convocatoria cando non se tratasen actos de disposición; prescindir da obrigatoriedade de expor a convocatoria das asembleas xerais nos taboleiros de anuncios dos concellos). Por mutuo acordo, estas cuestións poderían ser presentadas no momento de discutir o Regulamento da lei. Cousa que non se chegou a facer xa que daquela (ano 1992) a Coordinadora de Montes de Galicia deixara xa de existir. As razóns para a súa desaparición foron nomeadamente dúas: pola debilidade organizativa das comunidades de montes e porque o único obxectivo que se marcara a Coordinadora de Montes de Galicia fora lograr melloras no Proxecto de Lei de Montes Veciñais en Man Común. Lei que se aprobou por unanimidade no Parlamento Galego o 10 de Outubro de 1989.

Dende a perspectiva de hoxe cómpre recoñecer que a Coordinadora de Montes de Galicia sobrevaloraba o uso forestal, pero non cabe dúbida que as correccións introducidas cas súas emendas melloraron o proxecto da lei. A tacha máis grande que se lle pode apor á Lei de Montes galega é que foi incumprida sistematicamente polos sucesivos gobernos da Xunta de Galicia (todos do Partido Popular).

A cativa experiencia organizativa da Coordinadora foi recollida polas comunidades de montes de Vigo e do Val Miñor. De tal xeito o 14 de Decembro de 1991, no concello de Gondomar, asínase a acta de constitución da Mancomunidade de montes de Vigo e do Val Miñor. Rubrican o documento as comunidades de montes de Mougás e Sta. M<sup>a</sup> de Oia (Oia); Belesar e Sabarís (Báiona); Borreiros, Mañufe, Chaín e Vincios (Gondomar); Chandebrito e Camos (Nigrán), e Valadares e Cabral (Vigo). Nesta mesma reunión elíxese a primeira xunta xestora das Mancomunidades de montes, que recaeu en: presidente, o representante da comunidade de mon-

tes de Borreiros; secretario, o da comunidade de Sabarís; e como tesoureiro, o de Belesar.


O 26 de abril de 1992 apróbanse os seus Estatutos e o día 30 do mesmo mes é legalizada. Así pois, a Mancomunidade de Montes do Val Miñor é a primeira de Galicia constituída en virtude do artigo 15 da Lei de Montes Veciñais en Man Común. Os Estatutos da Mancomunidade do Val Miñor definen como o seu obxectivo primordial: "A mellora do monte veciñal en man común nos seus aspectos económicos, sociais, ecolóxicos, culturais e de relación". Os seus principios de funcionamento son dous: democracia (cada comunidade un voto e funcionamento por maiorías, respectando sempre ás minorías), e participación (son membros da Asemblea Xeral da Mancomunidade todos os membros das xuntas rectoras das comunidades de montes integradas).



### **XESTIÓN DA MANCOMUNIDADE DE MONTES DO VAL MIÑOR (1989-1996)**

Unha vez que a Coordinadora de Galicia deixou de funcionar as comunidades de Vigo e do Val Miñor seguiron traballando conxuntamente, sobre todo no proceso de lograr mancomunarse. A actividade que estas desenvolverán, dende 1989 ata 1993, estará centrada en dous aspectos: loitar contra os incendios forestais e divulgar as funcións do monte. A experiencia amosará a inviolabilidade dunha mancomunidade formada por comunidades do concello de Vigo e da bisbarra do Val Miñor. Paulatinamente as comunidades que van funcionar conxuntamente van ser só as do Val Miñor. Deste xeito, en 1993 acórdase que as comunidades de montes do concello de Vigo (Valadares e Cabral) deixen de formar parte da Mancomunidade do Val Miñor e tentarán de constituír unha Mancomunidade de montes do concello de Vigo; proceso que culminará no ano 1998. Dende este momento, a Mancomunidade de Montes de Vigo e Val Miñor pasa a denominarse "do Val Miñor".

Sendo certo que non se logrou formalizar a Mancomunidade de Montes do Val Miñor ata 1992, non o é menos que xa dende 1989 as comunidades do Val Miñor traballaban de común acordo. Foi así como durante os anos 1989, 1990 e 1991 loitarán mancomunadamente contra os incendios forestais, a pesar de que as solicitudes de axuda había que facelas individualmente; estas campañas foron coordinadas polo que máis tarde será a Mancomunidade de montes. No que respecta



O monte con diversos usos.

á loita contra os incendios, dende sempre as comunidades do Val Miñor entenderon que a mesma, na súa faceta de extinción, debía ser competencia exclusiva da Administración Forestal, tanto por razóns políticas (o monte veciñal é un ben común) coma de eficacia (a Administración Forestal conta cos medios materiais precisos e persoal cualificado). As comunidades de montes debían pois ser subvencionadas para realizar os traballos de prevención ó longo de todo o ano.

A pesar deste enfoque político, as comunidades do Val Miñor sempre se acolleron ás subvencións contra os incendios forestais pola gran preocupación que tiñan ante este verdadeiro atentado ecolóxico. Co tempo, a loita conxunta contra o lume veu reforzar a unidade de acción que, posteriormente, desembocaría na formación da Mancomunidade. Participar nas campañas subvencionadas de loita contra os incendios forestais non significou asumir integramente a súa filosofía. Dende o punto de vista da crítica constructiva as comunidades de montes do Val Miñor presentaron diante da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do momento diversas propostas para mellorar estas subvencións. Estas propostas eran:

- Contratar o persoal das cuadrillas polo réxime xeral da Seguridade Social (a subvención obriga a contratar o persoal polo réxime especial da Seguridade Social Agraria).

- Respectar os descansos semanais dos traballadores e traballadoras das cuadrillas (a subvención, en contra do Estatuto dos Traballadores, obrigaba a traballar todos os días, incluído os domingos, festivos e festas locais).

- Reducir a xornada laboral en dúas horas, acumulando estas para actuar en caso de incendio e non ter que pagar así horas extras (a subvención pagaba horas extraordinarias por loitar contra o lume e polo tanto, cantos máis lumes, máis cartos).

A pesar de que estas ideas das comunidades de montes do Val Miñor ían contra o establecido na orde da subvención, o goberno tripartito da Xunta de Galicia, amosando unha vez máis o seu talante democrático, aceptou todas, agás a primeira das propostas. Isto ocorreu na campaña de 1989, xa que nas seguintes campañas, 1990 e 1991, a Administración Forestal, nas mans do PP, obrigou a cumprir a orde da subvención tal e como viña escrita no Diario Oficial de Galicia.

Outra das facetas na que traballaron conxuntamente as comunidades de montes do Val Miñor, antes de conformar a súa Mancomunidade, foron as Xornadas de divulgación do monte co fin de concienciar ós veciños e veciñas comuñeiros da importancia que tiñan os montes veciñais en man



común. Deste xeito, no ano 1990 convocouse, en Gondomar, a 1ª Xornada de Montes do Val Miñor. Na mesma debatéronse os seguintes temas: "Os diversos usos do monte", "Aspectos económicos do monte", "¿Que son os montes veciñais en man común?". Ao ano seguinte, celebrouse a 2ª Xornada, en Baiona, e nela tratáronse os seguintes temas: "O monte como xerador de emprego", "Os incendios forestais", "O monte como lugar de lecer", "Os montes particulares e os montes veciñais". Como se pode comprobar polos temas tratados nas dúas Xornadas, as comunidades sempre entenderon que o monte veciñal tiña que ser un espazo xeográfico que debía cumprir as tres funcións clásicas e tradicionais: social, productiva e ecolóxica .


No ano 1993 as comunidades de montes do concello de Vigo xa non formaban parte da Mancomunidade do Val Miñor. Tanto esta situación como os cambios nas xuntas rectoras das comunidades de Mañufe e Vincios, os novos xestores confundiron premeditadamente política con partidismo e desligáronse da Mancomunidade, xeraron o desánimo nas comunidades dirixentes do proceso de mancomunarse (Borreiros, Belesar e Sabarís) e a Mancomunidade de montes do Val Miñor deixará de existir. O golpe foi tan forte que ao longo de tres anos, ata 1996, a Mancomunidade de Montes do Val Miñor deixou de funcionar e non foi quen, tan sequera, de formar a súa primeira xunta rectora.

#### **XESTIÓN DA MANCOMUNIDADE DE MONTES DO VAL MIÑOR (1996-2000).**

En Decembro de 1995, nas vilas de Mondariz e Ponteareas (Pontevedra) celebrouse un congreso de montes veciñais convocado conxuntamente pola Dirección Xeral de Montes e a Asociación Forestal de Galicia. A este "congreso" asisten soamente 30 comunidades de montes; o resto dos asistentes era persoal alleo ás comunidades. No mesmo, que a Xunta de Galicia quixo vender como " opinión das comunidades de montes", debuxáronse as liñas para que o monte poidese ser privatizado e comezase a destrución da propiedade comunal. Vexamos senón algunhas das súas conclusións: posta en cuestión do concepto xermánico da propiedade veciñal; potenciación, en exclusiva, do uso productivo do monte; redefinición do concepto de veciño-comuneiro; transformación das comunidades de montes en sociedades mercantís.

Meses máis tarde, o representante da Comunidade de montes de Sta. Cristina da Ramallosa (Baiona), que asistira ó "congreso" de Mondariz e Ponteareas, envía, a través dos medios de comunicación social, unha carta aberta ás comunidades de montes de Galicia chamándoas a dar resposta a este intento da Xunta de Galicia de destruír a propiedade veciñal.

Tendo como acicate esta "carta aberta", os presidentes das comunidades de Camos, Borreiros e Santa Cristina da Ramallosa, contando coa colaboración entusiasta do presidente da comunidade de Baíña, convocan ás comunidades de montes do Val Miñor a unha reunión que terá lugar o 23 de Marzo de 1996 no centro veciñal de Camos. Na mesma, á que asisten as comunidades de Baiona, Baredo, Baíña, Belesar e Sabarís (do concello de Baiona), Borreiros, Mañufe, Donas, Peiteiros, Chaín, Vilaza e Vincios (do de Gondomar) e Panxón, Priegue, Camos e Chandebrito (de Nigrán), acórdase, por unanimidade, relanzar a Mancomunidade de Montes do Val Miñor. Cómpre destacar a defensa que fixo da necesidade da Mancomunidade de Montes do Val Miñor o novo presidente da Comunidade de Montes de Vincios, xa que esta fora unha das artífices de que a Mancomunidade de Montes do Val Miñor deixara de funcionar. Na citada reunión procedese a nomear unha xunta provisional, que recaeu nos presidentes das comunidades de Borreiros,



Camos, Baíña e Sta. Cristina da Ramallosa, co fin de proceder á modificación dos Estatutos e convocar a asemblea xeral para a elección da xunta rectora da mancomunidade de montes. Xunta rectora (a primeira), que se elixe o 1 de xuño de 1996, integrada polos seguintes membros: presidente, o representante da Comunidade de Montes de Borreiros; vicepresidente, o de Vincios; secretario, o de Sta. Cristina da Ramallosa; tesoureiro, o da comunidade de Camos; coordinador xeral, o representante de Baíña, mentres que o de Donas encargouse das relacións coa prensa.

Relanzada xa a Mancomunidade de Montes do Val Miñor a primeira actividade que levou a cabo foi presentar unha proposta alternativa ó problema do lixo. A escolla desta campaña debeuse a varios motivos: a polémica xerada no Val sobre o emprazamento da empacadora, a discusión nos plenos das corporacións municipais sobre a

entrada ou non no plano SOGAMA e a existencia de vertedoiros de lixo nos montes de Peitieiros e Camos. Esta última comunidade levaba varios anos loitando para que se selase o seu vertedoiro, cousa que máis tarde lograron. A campaña para atopar unha alternativa ó problema do lixo, realizada conxuntamente coa Federación de Asociacións Veciñais do Val Miñor (recén constituída), baseábase fundamentalmente nos seguintes puntos: eliminación dos vertedoiros incontrolados, recollida selectiva do lixo, tratamento do mesmo baseado nos famosos tres erres (redución, reciclaxe, recuperación) e aproveitamento dos restos orgánicos para a produción de compost. A alternativa proposta pola Mancomunidade de Montes do Val Miñor levouse ós plenos das corporacións municipais, sendo rexeitada polos equipos de goberno (PP e PIN) e apoiada polos grupos da oposición (BNG e PSOE). A campaña, aínda que non acadou o éxito, tivo unha virtude dialéctica: o debate deixou de ser "empacadora si, empacadora non" e pasou a discutirse cal era o tratamento final que había que darlle ó lixo.

Dende o seguinte ano, 1997, a Mancomunidade do Val Miñor volveu a retomar a loita mancomunada contra o lume, a pesar de que seguía, e segue, a manter que a loita contra os incendios forestais ten que ser competencia exclusiva da Administración Forestal. Mantén así mesmo as súas críticas a certos aspectos das subvencións contra o lume, como que non se respecte o descanso semanal dos traballadores/as; que se manteña unha diferenza salarial de 47.000 ptas (a favor do persoal contratado pola Administración e en prexuízo do contratado polas comunidades de montes); que, na práctica, non sexa certo que se subvencione ás comunidades nunha porcentaxe do 70% (non acada o 50%, xa que hai moitos gastos non subvencionables: os traballadores/as que per-

miten o descanso semanal, gasóleo, reparacións, gastos de xestorías...). A pesar dos condicionantes, a Mancomunidade de Montes do Val Miñor entende que, namentres a Administración Forestal non cambie de plano na loita contra os incendios, terá que seguir acolléndose ás subvencións, porque o lume é un dos inimigos máis grandes que ten o monte. Deste xeito, nos meses de verán (xullo, agosto e setembro) mantén dous equipos compostos cada un por un vehículo e seis persoas para combater os incendios forestais. Os resultados non son malos, mesmo se pode afirmar que positivos. Nos tres anos (1997, 1998 e 1999) que se leva mantendo equipos contra o lume, a superficie queimada non pasa das 20 has, o que dá unha media de 0,095 has queimadas por ano.

O revitalización da Mancomunidade de Montes do Val Miñor veu tamén a significar o afianzamento das campañas de divulgación do monte, agora dirixidas a dous sectores: ós veciños e veciñas, a través das Xornadas, e ós nenos e nenas, a través das campañas de divulgación nos centros de ensino. Destas últimas, que se veñen realizando de xeito continuado dende 1997, editouse un vídeo intitulado "A natureza dende a escola" contando coa colaboración entusiasta dos axentes forestais da zona, que acompañan ós escolares en saídas ó monte para realizar plantacións, seguimentos das medras das árbores, elaboración de herbarios... Nas Xornadas de Montes e Medio Ambiente do Val Miñor, tamén realizadas continuamente dende 1997, téñense tratado os seguintes temas: "Aproveitamento da biomasa forestal", "Os incendios forestais", "A caza", "Outros usos do monte", "O aproveitamento do gando", "O monte, patrimonio histórico-artístico", "O monte: turismo rural e cultural", "O monte e o recoñecemento xurídico da parroquia". Temas que inciden sempre no monte como un espazo xeográfico onde se deben dar as tres funcións tradicionais ás que nos temos referido.

Nos tres últimos anos a Mancomunidade de Montes do Val Miñor ten traballado en dúas propostas, en dúas alternativas a dous problemas que teñen os montes do Val Miñor e tamén a maioría dos montes de Galicia. Estes son: "O gando ceibo nos montes veciñais" e "O aproveitamento da biomasa forestal".

Na denominada Serra da Groba, que vai dende os montes do concello de Tui ós montes do Rosal pasando polos do Val Miñor, pastan de xeito salvaxe ou libre máis de 1.000 cabezas de gando vacún e máis de 2.500 cabezas de equino. Este pastoreo libre ou salvaxe faise sen ningún control e nuns terreos que non son dos propietarios do gando. Inclusive, en moitos casos, os donos deste gando ceibo non son nin sequera habitantes da bisbarra do Val Miñor. A presenza deste gando sen a máis mínima ordenación (tal e como se facía en épocas prehistóricas), ademais de estragar as novas plantacións co conseguinte prexuízo económico para as comunidades de Montes (¡que non o esquezamos, son as donas dos terreos!), de facer o mesmo cas colleitas de explotacións particulares, son tamén unha das orixes dos incendios forestais (segundo datos da Consellería de Medio Ambiente a presenza do gando ceibo é unha das principais causas dos incendios forestais, que, ao mesmo tempo, son intencionados nun 90% dos casos).

Ante a presenza do gando ceibo, a Mancomunidade de montes do Val Miñor manifestou dúas ideas que partían dunha premisa fundamental: os montes veciñais en man común son dos veciños e veciñas comuneiros e as súas asembleas xerais son soberanas para tomar as decisións que estimen máis convenientes para os seus montes. Este postulado, que parece evidente, custou máis de dous anos que o entendesen os propietarios do gando ceibo. Con esta premisa clara, a Mancomunidade de Montes do Val Miñor aportou unha alternativa ó gando ceibo baixo dous

eixes:

- O gando ceibo pode e debe estar no monte, xa que ademais de ser un uso deste espazo, a súa presenza é beneficiosa para o mesmo (controla o crecemento do mato e polo tanto é unha medida de prevención dos incendios forestais).

- Ten que estar controlado e ordenado para que a súa presenza sexa compatible coa produción forestal e cos outros usos do monte. De aí que dentro desta ordenación teñan que contemplarse os seguintes puntos: especies de gando por cada zona, número de cabezas por hectárea, cadencia na rotación das zonas, control do pastoreo.

Ó tempo, a Mancomunidade elaborou un proxecto de estatutos para o aproveitamento do gando nos montes veciñais en man común que se basea nos seguintes principios:

-Os veciños e veciñas comuneiros son os que teñen o dereito a levar adiante o aproveitamento do gando nos seus montes.

- As comunidades de montes poden decidir que esta explotación se faga de xeito común. As cotas de gando sobrantes en cada comunidade de montes serán cedidas á Mancomunidade de Montes do Val Miñor para que negocie coa Agrupación de Gandeiros da Serra da Groba o aproveitamento do gando ceibo.

A alternativa que propón a Mancomunidade ó problema do gando ceibo non tenta botar dos montes a este gando (cousa que legalmente podería facer), senón lograr que estea controlado e ordenado. Ademais de seguir falando cos gandeiros e presentar para a súa aprobación nas comunidades de montes respectivas os "Estatutos para o aproveitamento do Gando", a M. de Montes do Val Miñor enviou escritos á Consellería de Medio Ambiente e ós grupos políticos do Parlamento de Galicia esixindo que se elabore unha lexislación adecuada a este asunto. Tamén cabe destacar que exemplares dos estatutos elaborados pola Mancomunidade de Montes do Val Miñor foron solicitados dende distintas zonas de Galicia onde tamén existe este problema, como é o caso de Carnota, o Barbanza ou Cerdido.

No que fai referencia ó proxecto de aproveitamento da biomasa forestal para a produción de abonos e substratos, a idea de impulsalo xorde na Mancomunidade de Montes do Val Miñor, para dar unha solución adecuada a todos os residuos vexetais que se orixinan dos traballos de limpeza dos montes, dos que se producen ata 15 toneladas por hectárea/ano. Estes residuos vexetais ou ben se queiman ou quedan espallados nos montes co conseguinte perigo de incendio. É un proxecto integrador xa que, ademais de prever os incendios, defende a mellora do medio ambiente, crea postos de traballo, promove a educación medio ambiental e mesmo achega solucións para o tratamento doutros compoñentes do lixo (restos de podas e de xardíns, algas que todos os anos invaden as praias dos concellos de Nigrán e de Baiona).

O proxecto vai acompañado dunha aula de interpretación do monte veciñal en man común, complemento de suma importancia xa que de todos é sabido que existe unha eiva importante en relación ó significado e ó papel que xoga o monte veciñal como elemento determinante da paisaxe e do ecosistema, como vertebrador das comunidades agrarias a través da historia, como fonte de recursos económicos para as parroquias e como lugar de lecer e de contacto coa natureza para unha gran parte da poboación, sobre todo no caso dos montes periurbanos, que son a maioría dos do Val Miñor. O proxecto, redactado por un equipo técnico relacionado coa Universidade de Vigo, amosa que ademais da rendibilidade social e ecolóxica é posible tamén a económica. Coa broza


resultante de rozar unhas 200 hectáreas, sobre uns 3.000 m<sup>3</sup> cúbicos, poderíanse producir unhas 499 toneladas de compost. Os beneficios, descontados os gastos de produción, serían dunhas 280.000 pesetas ano.

O proxecto foi xa presentado ante as Consellerías de Industria e Medio Ambiente (aínda sen resposta), ante os Concellos do Val Miñor (o de Gondomar e Nigrán manifestaron o seu apoio, ao igual que os grupos municipais do BNG e PSOE dos tres concellos valmiñoranos) e tamén ante o Parlamento Europeo nunha visita que realizou a Mancomunidade de Montes, convidada pola Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais e Man Común, para lograr axudas a través dalgún dos programas europeos (PRODER, FEDER, LIFE).

Neste momento a Mancomunidade de Montes do Val Miñor está no debate de cal sería o xeito máis adecuado para a súa explotación, barallándose tres alternativas: explotación propia da Mancomunidade, explotación por veciños e veciñas comuneiros en forma de cooperativa ou ben ofertar a explotación a unha empresa.

### **CREACIÓN DA ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN**

Os días 14 e 15 de maio de 1996, convocadas pola Escola Galega de Administración Pública, teñen lugar unhas Xornadas sobre Lexislación Forestal. Nas mesmas amósase novamente a intención da Administración Autonómica de elaborar unha nova lei de montes veciñais en man común, cuns eixes fundamentais que serían os que se definiron no "congreso" de montes veciñais celebrado nos concellos de Mondariz e Pontearreas. A finais deste mesmo mes, nunha Asemblea Xeral da Mancomunidade de Montes do Val Miñor, co fin de dar resposta a este intento legislativo da Administración forestal, acórdase entrar en contacto coas comunidades de montes do concello de Vigo, que estaban en proceso de mancomunarse, para estudar a posibilidade de convocar un congreso de comunidades de montes. Os contactos esténdense ás comunidades de montes do Morrazo, que andaban tamén ca idea de mancomunarse, e decídese crear unha comisión que organice o 1º Congreso Galego de Comunidades de Montes. Na reunión celebrada o 20 de decembro de 1996,



na casa veciñal da parroquia de Baña, acórdase que o 1º Congreso Galego de Comunidades de Montes se celebre os días 24 e 25 de maio no concello de Poio e baixo o lema "Na defensa do monte comunal". Os motivos para convocar ás comunidades de montes a tal evento eran: a defensa do concepto xermánico da propiedade do monte, a denuncia do abandono en que ten os montes veciñais en man común a Xunta de Galicia, o incumprimento sistemático por parte da Administración de aspectos básicos da Lei de Montes vixente, a defensa do monte veciñal en man común como un espazo que debe cumprir diversas funcións e a oposición frontal á privatización do monte.

O 1º Congreso Galego de Comunidades de Montes celébrase nas datas acordadas e cun éxito de asistencia que superou as previsións da comisión organizadora (asistiron máis de 140 comunidades de todas as zonas de Galicia). As conclusións deste 1º Congreso reafirmaron os motivos que levaron a facelo e un dos acordos, a proposta da Mancomunidade do Val Miñor, da Comunidade de Candeán (Vigo) e da de Rebordechán (Crecente), foi a creación dunha organización de comunidades de montes e para comunidades de montes. Encargóuselle este labor á comisión organizadora do 1º Congreso Galego.

O 16 de xaneiro de 1999, na cidade de Vigo, constitúese a Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, a primeira organización de comunidades de montes legalizada ó abeiro do artigo 15 da Lei de Montes e do artigo 47 do seu regulamento. Nesta mesma reunión tamén se aproban os seus Estatutos, que definen como obxectivo fundamental da ORGACMM "a defensa do monte veciñal en man común como comunidade de carácter xermánica e como realidade singular de Galicia".

A primeira gran mobilización que vai convocar a ORGACMM vai ser contra a inclusión dos montes veciñais en man común no Imposto de Sociedades porque esta fiscalidade atenta contra o concepto xermánico da propiedade veciñal. A manifestación tivo lugar o 18 de febreiro do ano 2000 e marcou un fito histórico non só polo número de manifestantes (máis de 6.000), senón tamén porque foi a primeira vez que os veciños e veciñas comunciros de todo o país se uniron na defensa do monte veciñal en man común. A Mancomunidade de Montes do Val Miñor foi capaz da levar a Santiago a máis de 500 persoas dos tres concellos do Val Miñor.

### A XEITO DE CONCLUSIÓNS

O proceso de organización das comunidades de montes veciñais en man común, dende o seu xermolo, que o podemos situar na Coordinadora de Montes de Galicia (1989), ata a formación da Organización Galega de Comunidades de Montes (1999), pasando pola constitución da Mancomunidade de Montes do Val Miñor (1992), foi un proceso democrático baseado na capacidade de autoorganización das comunidades de montes, na súa pluralidade, na súa diversidade. Foi pois un proceso horizontal, non auspiciado nin pola Administración, nin por grupos políticos, nin por poderes económicos. Os nervios deste proceso foron a democracia e a participación.

As comunidades de montes veciñais en man común teñen aprobadas moitas materias (sobre todo na defensa e mellora do monte veciñal en man común), pero aínda teñen unha pendente. As comunidades de montes deben lograr ser creativas. Entendendo por isto que, independentemente de como se atope o seu monte, sexan capaces de artellar iniciativas máis aló das exclusivamente económicas. Amais de aglutinar ós membros da comunidade, os seus obxectivos e os seus fins

deben impulsar outros aspectos como o social ou o ecolóxico e mesmo aqueles que transcendan o eido da comunidade. Ou dito noutras palabras, as comunidades de montes veciñais en man común deben deixar de funcionar no denominado "efecto funil" (as comunidades de montes reciben fluxo do exterior e polo tanto son dependentes) para pasar a funcionar no denominado "efecto venturi" (a actividade das comunidades de montes desprenden cara o exterior os seus fluxos).

A actividade das comunidades de montes, a súa practica diaria, debe ir dirixida en tres direccións que teñen que ser coordinadas e integradoras. De seguro que estas tres vías formarán unha encrucillada, pero é o único camiño que teñen as comunidades de montes se queren que estes bens que herdamos dos nosos antepasados os poidan recibir os nosos descendentes nas mellores condicións posibles. Estas tres direccións son:

- Reivindicativa :

As comunidades de montes veciñais en man común, como parte da sociedade civil organizada, teñen que actuar en política para defender os seus intereses. A faceta reivindicativa das comunidades de montes ten que servir para que se fagan lexislacións e políticas adecuadas ó monte veciñal en man común.

- Propositiva:

Se definimos o monte veciñal en man común como un dos piares para o desenvolvemento harmónico do noso país, se definimos o monte veciñal en man común como un espacio xeográfico onde se deben cumprir as tres funcións (social, ecolóxica e productiva), as comunidades de montes teñen que aplicar nos seus montes propostas alternativas que vaian concretando estas definicións.

- Formativa:

As comunidades teñen que decatarse de que o carácter privado, pero colectivo, destes bens non o sitúan por debaixo de outro tipo de bens. É tamén que a decisión sobre os seus usos non deben tomala outros que non sexan os veciños e veciñas comuneiros. Vese necesaria pois a formación técnica dos membros das xuntas rectoras e a formación social dos veciños e veciñas comuneiros. De aí a importancia de espallar o coñecemento do monte, a súa importancia socioeconómica, a súa historia, o seu papel ecolóxico... entre os veciños e veciñas; sobre todo entre a xente máis nova, que tivo menos relación co monte pero que deben ser a garantía de recambio do futuro, a base para asegurar a pervivencia e o dinamismo das comunidades de montes.

